

NOVAS / INICIATIVAS

Lugo: IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral: Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos, o 28 e 29 de outubro

As IV Xornadas de Literatura de Tradición Oral celébranse baixo o título Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos, un curso convocado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega en colaboración coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Estas son as características do curso:

- Modalidade formativa: Curso.
- Datas de realización: 28 e 29 de outubro de 2011.
- Horario: venres 28, de 17:00 a 21:00 horas; sábado 29, de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 18:00 horas.
- Lugar onde se levará a cabo a actividade: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (rúa San Marcos, 8, Lugo).
- Valoración en horas de formación: 10.
- Número de prazas: 100.
- Persoas destinatarias:

1.-Profesorado do ensino non universitario e futuros ensinantes do ensino non universitario.

- Custo de matrícula: Gratuíta.
- Criterios de selección: Por rigorosa orde de inscrición na páxina da AS-PG , tendo preferencia os/as socios/as da AS-PG e da AELG. De cara á homologación seguiranse as indicacións da

Orde de 1 de marzo de 2007.

2.-Aquelas persoas que non se atopen entre as destinatarias anteriores poderán asistir ás xornadas

- Custo de matrícula: Gratuíta.

- Criterios de selección: Por rigorosa orde de inscrición e anotándose previamente en oficina AELG oficina at aelg

para recibir un diploma de asistencia emitido pola AELG.

O programa é o seguinte: (pódese descargar aquí

VENRES, 28 DE OUTUBRO


- 17:00 h. Recepción e entrega de documentación.
- 17:10 h. Acto de inauguración.
- 17:15 h. Conferencia: O visguento unto da calumnia: boticarios e sacamanteigas, por Luis Giadás.
- 18:30 h. Conferencia: As lendas urbanas, a distorsión da realidade e a creación do imaxinario máxico, por Bruno Cardeñosa.
- De 20:00 a 21:00 h. Mesa redonda: Urbanas? Modernas? Contemporáneas?. Participan: Luis Giadás e Bruno Cardeñosa. Modera: Isidro Novo.

SÁBADO, 29 DE OUTUBRO

- 10:00 h. Conferencia: O roubo de órganos nas tendas de chineses en Portugal, por José Joaquim Dias Marques.
- 11:30 h. Conferencia: Izena izana baino lehen ukan (Todo canto se di, acontece), por Fito Rodríguez.
- De 13:00 a 14:00 h.- Mesa redonda: De boca en boca: o rumor como arma contra os outros. Participan: José Joaquim Dias Marques e Fito Rodríguez. Modera: Antonio Reigosa.
- De 16:30 h. a 18:30 h.- Obradoiro de narración oral: Narración e representación de diferentes tipos de lendas urbanas, por Celso Fernández Sanmartín.

DOCUMENTACIÓN

-Antonio Reigosa: As lendas urbanas son actualizacións das tradicionais (Audio)


IV
XORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL
Lendas urbanas.
Mitos e ritos dos
tempos modernos
28 e 29 de outubro 2011
Salón de Actos da Deputación de Lugo
RÚA SAN MARCOS Nº 8, LUGO | ENTRADA DE BALDE
Cultura e Turismo